



PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS626F</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>
-----------------------------------	----------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

APELIDOS <input type="text"/>	NOME <input type="text"/>	NIF/NIE <input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO <input type="text"/>	ENDEREZO <input type="text"/>	
PROVINCIA <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>
		TELÉFONO <input type="text"/>

O/A solicitante

**DECLARA:**

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son verdadeiros, non existindo omisión de datos, estando enterado/a das posibles responsabilidades administrativas e incluso penais existentes nos supostos de ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica da RISGA (artigo 32.1.e) da Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social (DOG nº 191, do 3 de outubro de 1991), parcialmente modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro, (DOG nº 36, do 22 de febreiro de 1999), e pola Lei 16/2004, do 29 de decembro (DOG nº 254, do 31 de decembro de 2004).

Que autoriza ao órgano de resolución para recabar a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia independente e, en xeral, para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios informáticos ou cursando o correspondente oficio.

De acordo co disposto nos artigos 22 e 26 do decreto 374/1991, do 24 de outubro (DOG nº 214, do 5 de novembro de 1991), polo que se desenvolve a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social no relativo á renda de integración social de Galicia, e aportando a documentación preceptiva.

**SOLICITA:**

Que, en virtude dos artigos 6. B) da lei 9/1991, do 2 de outubro, modificada pola lei 1/1999, do 5 de febreiro, e pola lei 16/2004, do 29 de decembro, e do decreto 374/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social no relativo á renda de integración social de Galicia, despois de efectuados os trámites oportunos, eleve o expediente ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, a efectos de que a mesma dicte a resolución oportuna en canto á concesión das prestacións.

Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de la Presidencia.  SI  NON

LEXISLACIÓN APLICABLE  
*Lei 9/1991, do 2 de outubro, modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro, e pola Lei 16/2004, do 29 de decembro.*  
*Decreto 374/1991, do 24 de outubro.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE

*Lugar e data*

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)\*\*

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Concello de

Lembre asinar a súa solicitude

\*\* A entidade local estampará necesariamente o selo de rexistro de entrada xunto coa data, requisito indispensable para a tramitación desta solicitude

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE DA RISGA

### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

1) Ingresos das persoas conviventes (Datos de todas as persoas residentes no domicilio do/da solicitante, incluíndo, no seu caso, os datos de todas as unidades de convivencia existentes no *mesmo*).

1.1) Que o total dos ingresos actuais da/do solicitante e do resto de conviventes en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios ou por calqueira outro concepto ascende a:

<i>PERCEPTORA</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>CONTÍA MENSUAL</i>	<i>CONTÍA ANUAL</i>

1.2) Que o/a solicitante e o resto das persoas conviventes dispoñen das seguintes cantidades en concepto de pagamento único, depósitos bancarios, contas correntes ou de aforro:

<i>TITULAR</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>CONTÍA</i>

1.3) Que a/o solicitante e o resto de conviventes dispoñen dos seguintes bens móbiles ou inmobles sobre os que posúen un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda destinada ao seu uso:

<i>TITULAR</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>VALOR</i>

2)  Que non dispoño de vivenda propia.

Que dispoño de vivenda propia da que achego recibo do imposto sobre bens inmobles

3)  3.1 Que me corresponden os seguintes dereitos de contido económico de acordo coa lexislación vixente (créditos legais, convencionais, pensións compensatorias, etc...):  e que:

a) Si teño exercitadas as accións para o seu cobro.

b) Non teño exercitadas as accións para o seu cobro.

3.2 Que non me corresponde ningún dereito de contido económico de acordo coa lexislación vixente.

4)  Que non me corresponde ningunha prestación ou axuda pública incompatible coa prestación.

5) Existen persoas legalmente obrigadas a prestar alimentos:

Si     Non

6) Antes de acadar a maioría de idade estivo tutelado/a pola Xunta de Galicia e internado en centros de protección de menores ou en acollemento familiar

Si     Non

## IMPRESO PARA TRANSFERENCIA BANCARIA

### I.- DATOS PERSOAIS

\* Cando se pretenda o pago a persoa ou entidade distinta do beneficiario/a (comunidades terapéuticas, etc) deberán facerse constar os seus datos e o seu número de conta bancaria.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI/NIE Nº
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

### II.- DATOS DA ENTIDADE FINANCEIRA

NOME DA ENTIDADE FINANCEIRA	
<input type="text"/>	
ENDEREZO DA AXENCIA	
<input type="text"/>	
PROVINCIA	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

, de de 200

Sinatura da persoa solicitante

Dilixencia do/a axente pagador/a.- Acéptase a designación de conta bancaria formulada pola persoa perceptora á que se refire o presente documento, nos termos que nela figuran.

Lugar e data

, de de 200

Sinatura e selo da entidade financeira

CLAVE BANCO	CLAVE SUCURSAL	D.C	CONTA Nº
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ ACHEGAR AO EXPEDIENTE

### DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTAR A PERSOA SOLICITANTE

- COPIA COTEXADA DO DNI DO/DA SOLICITANTE E DO RESTO DAS PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA E, SE É O CASO, COPIA DO LIBRO DE FAMILIA.
- NO SEU CASO, COPIA COTEXADA DO RECIBO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DA VIVENDA PROPIA.
- XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL QUE PROCEDA NO CASO DE SER TITULAR DOUTROS BENS MOBLES OU INMOBLES.
- COPIA COTEXADA DO CERTIFICADO DE MINUSVALÍA NO SUPOSTO DE QUE A/O SOLICITANTE OU CALQUERA DAS PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA TEÑA A CONDICIÓN DE MINUSVÁLIDO/A.
- NO CASO DE SER VÍTIMA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA QUE CAMBIA O SEU DOMICILIO POR MOTIVOS DE SEGURIDADE DEBERÁ PRESENTAR SOLICITUDE DE ORDE DE PROTECCIÓN.
- NO CASO DAS PERSOAS CIDADÁS PROCEDENTES DOUTROS ESTADOS DEBERÁN PRESENTAR COPIA DO PASAPORTE OU DOCUMENTO DE IDENTIDADE EN VIGOR E COPIA DA TARXETA DE IDENTIDADE DE ESTRANXEIROS CANDO ESTEAN OBRIGADOS/AS A OBTÉLO. NO CASO DE PERSOAS CIDADÁS DE ESTADOS NON MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA, ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO OU CONFEDERACIÓN SUIZA DEBERÁN PRESENTAR, EN TODO CASO, COPIA COTEXADA DA TARXETA DE IDENTIDADE DE ESTRANXEIROS OU DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DO PERMISO DE RESIDENCIA.
- NO CASO DE PERSOAS CIDADÁS PROCEDENTES DOUTRAS CC.AA DO ESTADO ESPAÑOL QUE SEXAN BENEFICIARIAS DO SALARIO SOCIAL DA CC AA DA QUE PROCEDEN DEBERÁN PRESENTAR COPIA COTEXADA DA RESOLUCIÓN DE OUTORGAMENTO.
- NO CASO DE PERSOAS EMIGRANTES QUE FIXASEN A SÚA RESIDENCIA NO TERRITORIO DA CC AA GALEGA DEBERÁN PRESENTAR COPIA COTEXADA DA BAIXA CONSULAR E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL DA SÚA ÚLTIMA VECIÑANZA ADMINISTRATIVA ANTERIOR Á EMIGRACIÓN EN CALQUERA DOS CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.
- NO CASO DE PERSOAS MAIORES DE 18 ANOS EN SITUACIÓN DE ORFANDEDE ABSOLUTA DEBERÁN ACREDITAR A DEVANDITA SITUACIÓN.
- NO CASO DE QUE O/A SOLICITANTE ESTIVESE EMPADROADO DURANTE O ANO INMEDIATAMENTE ANTERIOR NUN OU VARIOS CONCELLOS DISTINTOS DE AQUÉL NO QUE TRAMITARA A SOLICITUDE, DEBERÁ XUNTAR OS CERTIFICADOS DE EMPADROAMENTO QUE PROCEDAN.
- NO SEU CASO, ACREDITACIÓN DE INGRESOS DE TODOS/AS OS/AS CONVIVENTES (IRPF, NÓMINA, ETC.)

### DOCUMENTACIÓN MÍNIMA QUE DEBERÁ ACHEGAR O CONCELLO

- CERTIFICACIÓN DE EMPADROAMENTO DA/DO SOLICITANTE DURANTE O ANO INMEDIATAMENTE ANTERIOR Á FORMULACIÓN DA SOLICITUDE.
- CERTIFICADO DE TITULARIDADE DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA INSCRITOS NO CORRESPONDENTE REXISTRO RESPECTO A TODAS AS PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA.
- INFORME SOCIAL.
- PROPOSTA(S) DO(S) PROXECTO(S) DE INSERCIÓN QUE CORRESPONDA(N).
- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase ós titulares dos datos, de xeito expreso, preciso e inequívoco do seu tratamento por parte da Consellería de Traballo e Benestar e a súa incorporación ó ficheiro mixto denominado "RISGA", inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxa finalidade é a determinación daquelas persoas que polas súas características teñen dereito á obtención da Renda de integración social de Galicia (RISGA).

Ademais, infórmase ó interesado, ou representante legal de ser o caso, da obrigatoriedade das respostas, a negativa a facilitar os datos requeridos na solicitude suporá a non tramitación da mesma. O titular dos datos autoriza expresamente o acceso ós seus datos contidos en ficheiros doutras Administracións Públicas co obxecto de contrastar a información facilitada na solicitude. Os datos facilitados poderán ser comunicados ás entidades xestoras da Seguridade Social dispostas no Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

Os interesados poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición perante o responsable do ficheiro: Consellería de Traballo e Benestar. Subdirección Xeral de Inclusión Social, Servizo de Prestacións. Complexo Administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Con carácter previo á presentación desta solicitude, o solicitante ou o seu representante legal deberá informar ós conviventes dos que aporte datos persoais, dos extremos contidos nesta cláusula e solicitar o seu consentimento para a inclusión dos mesmos na solicitude.